no inverno non te mollas - no verán non te queimas*

Nos anos 50 empezaron aprender o oficio de corte e confección nas cidades.

Contratos

Cando se necesitaba unha costureira, mandábaselle recado ou ben íase a casa de ela e pechábase o trato sen ningún tipo de contrato escrito.

Ferramenta

A costureira levaba a máquina, fíos, remendos, agullas, etc A máquina de coser case sempre era de segunda man, e ata finais dos anos 40 a marca Singer de sobremesa, con manivela e de costura larga e curta, tiña un prezo de 350 pts.

Nos primeiros anos 50 empezáronse a ver máquinas Alfa que tiñan un custe de 500 pts, máis o normal era mercala a prazos.

A máquina de coser Refrey era a máis cara de todas.



Lugar de Traballo

A costureira levaba a máquina de coser na cabeza ata a casa onde ía traballar, non era raro ter que andar unha hora ou máis, moitas veces sen saír o sol.

O lugar de traballo viñan sendo os cuartos dos clientes-as, e polo verán o pendello.

*O amor da costureira - non queiras, meu irmán
que ten as pernas tolleitas - de estar sentada no chan*

Clase de Traballo

Non cortaban as telas por ningún método porque non tiñan coñecemento del, guiábanse pola roupa vella e despois probando no corpo do seu destinatario-a.

Os traballos máis de cotío eran remendos e arranxos de roupa vella -de vestir, interior, de cama, etc- A roupa nova facíase para Xoves Santo e Corpus e tamén pola festa da parroquia.

Se había mais dunha costureira contratada, había teimas de quen era máis fina traballando

Días de traballo e horario

A costureira traballaba na casa contratante e durante varios días, xa que o cliente-a non querían deixar nada pendente, tamén podía recibir encargos que viña a facelos na súa casa

As horas de traballo tiñan que ver ca luz do día -no verán moitas máis que no inverno- e si volvían ou non a casa antes de pechar a noite.

Comidas

Na mesa poñíase a comida para todos sen distinción; a merenda viña sendo a mais agradecida; en moi poucas casas daban un vaso de viño.

Para os xantares tamén había ditos

*Un ovo é un ovo.....cose agulla de un modo
Dous ovos son dous ovos.....cose agulla de dous modos
Tres ovos son tres ovos.....cose agulla como tolos*

As costureiras levaban as aprendizas as casas onde eran contratadas, máis como non se lles daba comida e cama, estas mozas tiñan que levar o xantar e volver a casa co día.

Cobros

No sur e interior da provincia da Coruña cobrábase entre 3 e 5 pts dependendo das horas (mantidas e a veces cama para durmir). Nos anos 60 cas mesmas condicións, situouse o cobro entre 7 e 12 pts.

O traballo pagábase ao finalizar todo o acordado; recibir propinas era tan raro como non cobrar.

O moceo con costureiras

Foron tan populares que os nosos devanceiros deixáronos moitas mostras ...se era facerlles as veiras...

*Costureiriña bonita - dáme un alfiler de prata
para sacar unha espiña - do corazón, que me mata*
...o desenganado...

*Cose queridiña cose -'D0 e a agulla vaina seguindo
que así fai a boa dama -'D0 que do amor se vai rindo*
...a vinganza....

*O amor da costureiriña - era papel e mollouse
e agora, costureiriña - o teu amor acabouse*

O parrafeos de mozos cas costureiras

Viña a ser o contrario de mocear, e dicir, meterse con elas...

Costureiriña bonita - dime onde tela cama
...podían petar en ferro...

.....no poleiro das galiñas - nunha presiña de pallas
...se xogaban con lume...

*Costureira nona quero - se ma dan tiro con ela
cantos pillos hai no arredor - dormen de noite con ela*
...podíanse queimar....

*Os pillos dos que falas - moito teñen que penar
o niño que eles buscan - aquí non no han de atopar*

FDO: Jose Mosteiro Valiño.

Bodegas Mejuto
Viños e Licores

Bebidas Espirituosas
Licores
Mejuto
Naturais, Aromáticos e Dixestivos.
Produtos de 1ª Calidade

Tfnos.: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557
www.licoresmejuto.com
Ronda de Pontevedra, nº 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)

FOLIADA DE MELIDE 2018

A nosa Corxa participou por noveno ano consecutivo na foliada de Melide. Xa é unha tradición de obrigado cumprimento acudir a participar na catedral da música tradicional que é Melide no contesto da súa foliada.

Como todos os anos participamos en todas as seccións que ten a foliada: Cantos de taberna, marcha gaiteira, rematando coa interpretación de todos os grupos do Antergo Reino de Galicia, e no serán.


A nosa Corxa, dirixida polo noso director, Alberto Carro, ten xa unha certa sona en Melide pola súa coidada afinación. Según nos comunicaron dende a organización foi moita a xente que se achegou a preguntar cando íbamos a actuar no serán, cousa que nos encheu de satisfacción e sentímonos recompensados polo esforzo e traballo que supón ir ata Melide.





RESTAURANTE PARRILLADA **PILMAR**

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD CARNES A LA BRASA



Santa María, s/n - 15800 MELIDE (A CORUÑA)

TELF.: 981 50 76 17 - 606 59 04 46

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018, ADICADAS A MARÍA VICTORIA MORENO



Durante o mes de Maio desenroláronse unha chea de actividades para celebrar a festividade das letras galegas, que este ano adicouse a **María Victoria Moreno Márquez**, nada en Valencia de Alcántara (provincia de Cáceres) o 1 de maio de 1939 e finada en Pontevedra o 22 de novembro de 2005, [foi unha editora, tradutora, conferenciante, escritora de literatura infantil e xuvenil galega] e profesora de ensino secundario en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra. O seu texto máis coñecido é *Anagnórise* (Galaxia, 1988), vinte veces reeditado e traducido a varias linguas. Algúns trazos fundamentais da súa obra son o lirismo, a conversión dos animais en protagonistas e a crítica a un ensino reseso.

Ademais de novelas e contos, escribiu obras de ensaio, colaborou en libros de texto e dirixiu, canda **Antonio García Teijeiro** e **David Otero**, a colección *Árbore* de literatura infantil da editorial Galaxia, [39] presentada por eles tres canda **Ramón Piñeiro** e **Carlos Casares** en 1988, no *Teatro García Barbón* de Vigo. Como lectora, no ámbito das letras en galego nunca agochou o seu gusto pola narrativa de **Ramón Otero Pedrayo** ou do mesmo **Carlos Casares**:

" [para ler boa literatura, lía] a **Miguel de Cervantes**, evidentemente. E tamén a **Antoine de Saint-Exupéry** (...) E gústame a prosa dos hispanoamericanos inmediatamente anteriores ao boom. **Miguel Ángel Asturias**, por exemplo (...) Gústanme os escritores éticos e con compromiso, cunha prosa exuberante. E de Galicia gústanme os mellores que hai. Valoro moito a lírica medieval, a prosa de **Otero Pedrayo** e de **Carlos Casares**, a poesía de **Fernán Vello**. "

María Victoria Moreno foi unha das pioneiras da literatura infantil e xuvenil en galego. O seu primeiro libro en galego foi *Mar adiante*, que estaba ilustrado por ela mesma. Neste libro atópase o conto *Crarisca e Luceiro* co que gañou en 1972 o segundo premio do *Concurso nacional de contos infantís* da *Agrupación Cultural O Facho*. Nesta obra defende outro xeito de entender a escola, baseada no contacto coa natureza, no respecto, na ledicia de aprender e no afecto.

A súa obra *O cataventos* publicouna en 1979, despois de levar o primeiro premio do *Concurso nacional de contos infantís "O Facho"* en 1975. En 1983 publica outro libro,

A festa no faiado. E máis adiante, en 1986, publica *Leonardo e os fontaneiros*, o seu libro preferido, e que gañou o terceiro premio de *O Barco de Vapor* en 1985. Neste libro, ó animais. Os animais tamén son protagonistas noutros contos seus, como *Can branco, can negro* e *Un cachiño de bica?*, publicados no 2005 no libro *Eu conto, ti cantas...*

A mediados dos anos 80 publica varios libros de texto sobre lingua e literatura galega xunto con **Xesús Rábade** e **Luís Alonso Girgado** para cubrir a demanda que comezou a aparecer nesa época ó comezarse a implantar estas materias nos centros de ensino.

E en 1988 publícase a que foi a súa obra máis recoñecida, *Anagnórise*, da que se publicaron 20 edicións e que foi incluída na lista de honra do IBBY en 1990.

Co libro *Guedellas de seda e liño*, publicado en 1999, acadaría outro recoñecemento, ó conseguir entrar na prestixiosa lista internacional *White Ravens* da *Biblioteca Internacional para a Mocidade* de Múnic igual que en *E haberá tirón de orellas?* (1997) amosa o seu grande amor polos en 2002, demostrando de novo a súa capacidade para conectar coa mocidade.

Tamén publicou algúns anos despois, no 2004, un libro para público adulto, *Diario da luz e a sombra*, falando da súa experiencia coa enfermidade que padecía, o cancro de mama.

O último libro que chegou a ver publicado, no 2005, foi *Eu conto, ti cantas...*, e foi de novo unha obra para o público infantil, neste caso en verso, e tendo, coma noutras ocasións, os animais coma protagonistas.

No ano 2009 publicouse postumamente o libro *Onde o aire non era brisa*, tradución de **Xavier Senín** do primeiro libro que escribira en castelán, *Alcores de Donalvar*, e que fora publicado no 2006 co título *Donde el aire no era brisa*.

Tamén fixo traducións, como a tradución do catalán ó galego do libro *Mecanoscrito* da segunda orixe de **Manuel de Pedrolo**, ou as traducións ó castelán das obras contidas en *Os novísimos da poesía galega*.

En 2018 foi a figura protagonista do Día das Letras Galegas, sendo a cuarta muller, tras **Rosalía de Castro**, **Francisca Herrera Garrido** e **María Mariño**, que levou ese recoñecemento na historia da celebración.

HOMENAXE A MUIÑO

Comezaron os actos coa proxección da homenaxe a Muiño En Melide o día once de Maio nos locais da nosa sociedade.



V FERIA DAS LETRAS GALEGAS

Durante os días 17,18,19 y 20 de Mayo desenrolouse no parque de Gernika a V Feira das letras galegas cun variado programa cheo de actividades, alarde de danzas vascas con Mamarigako Etorkisuna, Zugaitza Dantza Taldea e a colaboración da banda de txistularis de Santurtzi, DJ RASPU, actuacións de canto e baile tradicional galego da man da Asociación cultural Mar de Arousa de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) e da Corxa Airiños galegos Doce Albor, animación de rúas a cargo da Fanafarria el Despiste de Sestao, concertos con LEIRABUXO e TOLIN o home das mil caras.



LuzAide



EUSKAL JANTZIAK.
ARTISAUTZA



ROPA TRADICIONAL.
ARTESANÍA

Cervantes, 12 • SANTURTZI • Tel. 94 644 09 66

Mamariga, 10 • 48980 SANTURTZI

BAR ALICIA

Especialidad en
Café a la crema

Xaneiro



- HABITACIONES CON BAÑO Y TV
- CALEFACCIÓN
- AIRE ACONDICIONADO
- SUITS
- HAB. PARA MINUSVÁLIDOS
- TELÉFONO EN TODAS LAS HABITACIONES
- CIBER
- ACCESOS A INTERNET WI-FI DESDE LAS HABITACIONES.



PX

Pensión Xaneiro, s.l.
Tel. 981 50 50 15
San Pedro, 22 - Melide

HX

Hotel Xaneiro, s.l.
Tel. 981 50 60 41
Fax: 981 50 71 99
Avda. de la Habana, 43 - Melide

hotelxaneiro@arakis.es
hotelxaneiro.com

www.xaneiro.com



CERVECERÍA GALEÓN DX3



Moa, 7 - MELIDE
Tel. 981 50 61 40

ARTESÁNS

Ademais houbo polbeiro e unha ampla mostra de artesáns



LEIRABUXO



PREMIOS GASTRONOMÍA E XOGOS DE MESA



1º Premio Brisca



1º Premio Dominó



1º Premio Tute



2º Premio Brisca



2º Premio Dominó



2º Premio Tute



1º Premio Repostería



1º Premio Empanadas



1º Premio Tortillas



2º Premio Repostería



2º Premio Empanadas



2º Premio Tortillas

X CERTAMEN CORAL MANUEL GARCÍA SOTO, “CARTILOXO”

O seguinte acto tivo lugar no SKA co X certame de coros, Manuel Ramon García Soto Cartiloxo, no que poidemos contar coa participación do coro Axarquia do centro Hijos de Almanchar de Barakaldo, coro Jarrilleros de Portugalete, coro de cámara Gaudia Musica e a Corxa Airiños Galegos Doce Albor.



CONFERENCIA

O 15 de Maio Juan José González ofreceunos unha conferencia do mais interesante sobre a simboloxía galega na que descubrimos a orixe da nosa bandeira e do noso himno. Coma sempre moi instrutiva e interesante a conferencia do nos bo amigo Juanjo.



ESPECTACULO DE TOLIN "EL HOMBRE DE LAS MIL CARAS"



PROXECION DO DOCUMENTAL "SITIO DISTINTO"

O 31 de Maio proxectouse nos locais da nosa sociedade o Documental " Sitio distinto" realizado por Davide Cabaleiro contando coa presenza deste para explicar como foi a realización do mesmo.

Neste documental tratase de amosar a experiencia da xente que se veu obrigada a deixar a súa terra natal na procura de unha vida mellor e tamén a acollida que se lles deu nos lugares de Euskadi ande emigraron.



BO OU MALO

Eu estou convencido de que o ser humano, cando nace, xa ven co destino marcado por máis que os pais e a sociedade o queiran tornar. Isto dáme pé para contar unha verdadeira historia:

Cando a nosa España se meteu na Guerra Civil do trinta seis, recrutaron a tódolos maiores de dezaoito, segundo o bando que tocara. Tamén colleron a César e o levaron á fronte de Asturias, pasando os tres anos que durou, sen tornar á casa nin unha soa vez e sendo mobilizado para outros tres anos máis, nos que xa puido ir de permiso de cando en vez.

Neste tempo tivo que amañarse como podía, pois a familia que vivía nunha aldea das máis rurais da nosa terra galega, pouco lle podía axudar. El que era entelexo e boa persoa, facía o que fora para ter unhas pesetas e non ter que pedirlle nada a ninguén. Cortáballe o pelo ós oficiais do cuartel e sacaba un pequeno soldo que aforraba.

Na mesma aldea vivía Ricardo, seis anos máis novo. Era un neno cando a César o levaron pra guerra. Coñeceu unha rapaciña que estaba a catro quilómetros de lonxe. Como era tan novo, tiña medo para ir a vela, máis aínda cando todo era monte e carreiros polos que case non se podía andar. Un día que César veu de permiso, tivo unha idea e púxo a en práctica.

Animaría a aquel mozo xa de vinte e cinco anos a que o acompañara e, ó mesmo tempo, presentaríalle a irmá da súa rapaza. Así acompañaríao no camiño de ida e volta, cousa que el só non se atrevía. A xogada saíulle redonda, pois César seguiu falando coa irmá ata que se casou. Tres anos máis tarde librou do servizo militar, no que estivera seis anos da súa mocidade.

Pasaron tres anos e Ricardo trazou de casarse. Como cartos non tiña, pensou en valerse outra vez de César ó que lle pediría prestados 24 pesos para comprar o traxe de voda. Iso era unha fortuna naqueles tempos pero, como César era aforrador, tiña aqueles cartos e prestoullos; sen saber cando os podería tornar.

Eu que son fillo dun daqueles que foron a Guerra tan noviños, saín polo mundo tamén moi novo e só tornei á terra, de cando en vez, a vela familia que case toda seguía vivindo alí. Nunha destas ocasións topei con César (xa moi vello) e, sen dar-me conta, conversamos sobre a vida que os dous nos tocara vivir. Cando acabou de lembrar todo o que ata agora contei, unha dúbida me quedaba sen aclarar, e antes de despedirnos espeteille:

- **“E a débeda do traxe?”**

Torceu a cabeza e con aqueles ollos cansados respondeu:

- **“Vas a ser o primeiro que lle conto este segredo: Ricardo, ó primeiro pasouno mal e non tiña onde caerse morto, pero sen tardar moito tempo, a sorte chegou á súa casa, xa que atopou un traballo na capital que lle foi moi ben, ata que pronto empezou a presumir de rico, comprando casas e fincas no entorno onde nacera e dando carreira ós seus fillos. Agora xa xubilado, ten boa paga para vivir sen apuros o que lle queda de vida...”**

Pero eu seguía sen saber o do traxe. Cando se despedía rosmou:

- **“e daqueles cartos nunca máis me falou!”**



Manuel Fernández Abel

XXXIII DÍA DE GALICIA EN EUSKADI

Durante os días 14,15,16 e 17 de Xuño tiveron lugar os actos para a celebración do día de Galicia en Euskadi na súa XXXIII edición. Cun extenso programa no que houbo actuacións variadas e na que participamos os grupos das diferentes casas que formamos a Irmandade de Centros Galegos en Euskadi.



Nesta edición o pregoeiro foi o ex-xogador de baloncesto Fernando Romay, Nado Na Coruña, e torgóuselle a insignia de ouro a Xosé David Fidalgo, quedando este ano deserta a Anduriña de Prata.

A Corxa Airiños Galegos Doce Albor participou cun programa moi



dinámico, ameno e con moita calidade, onde as súas diferentes seccións amosaron o seu ben facer.

Houbo baile, tema cantado coas voces do noso coro e rematouse coa peza Alborada de Corcubión, que nos aprendeu Gonzalo Abelairas e maxistralmente dirixida polo noso director, Alberto Carro. En canto ao baile, a nosa parella de baile, Isabel García Codesido e Adrián Méndez Fernández, interpretou unha xota e unha muiñeira da zona da Fonsagrada e ademais investigaron o vestiario da zona e conseguiron interpretar as pezas vestidos con roupas típicas da Fonsagrada. A peza cantada que escollemos para esta ocasión tomámola prestada do terceiro disco dos Melidaos, O caiño, peza composta por Antonio Raposo.





Cafetería ☕ Pizzería



Avda. de Luño, 25 • Telf. 981 50 79 06
MELIDE (A CORUÑA)

Adega
Mandil



“**entre amigos**”

Rúa Alberte de la Fuente, 6
15800 MELIDE - A CORUÑA
TEL. 981 505 753

bar

PAEZ

Ambiente
agradable



Virgen del Mar, 18 • SANTURTZI-BIZKAIA

94 483 22 23

TERRA DE TRAPEIROS



A Asociación Socio-Cultural Lareira de Soños da miña parroquia natal de Os Vilares do Concello de Guitiriz - e perdoade a miña vaidade- elixiame este ano V *Trapeiro de Honra*. O primeiro galardoado con ese premio foi o poeta Xosé María Díaz Castro, nacido tamén nesa parroquia trapeira. El teno ben merecido, pois foi quen de situar a parroquia e o Concello de Guitiriz no mapa mundial, pero eu, aínda que o agradezo, penso que non son merecedor del, e este recoñecemento obrígame a intentar facer méritos de aquí en adiante para facerme acredor dese galardón que recibiron tamén Pepe de Cristos, a Romaría Labrega da Chaira e Asunción dos Ares.



Por iso quero lembrar a estas xentes que, xa a finais do século XIX, naqueles tempos de penuria, nos que predominaba unha economía de subsistencia, os veciños desta parroquia, probe e moi poboada, collían a romana na man e íanse polo mundo adiante mercando trapos vellos que logo vendían a almacenistas, que a súa vez mandábanos ás fábricas, onde os recuperaban para facer outras prendas, dándolles un novo uso e un novo valor. Xente sen preparación, sen saber ler a maioría deles, pero tan emprendedores e arriscados, que se botaron polo mundo a gañar a vida dese xeito.

Os trapeiros eran apreciados e queridos en todos os sitios polos pasaban, xa que ademais de darlles algo polo que xa non servía, e que doutro xeito terían que tirar ao lixo, facían a función de redes sociais, traían noticias doutros lugares e algúns tamén sabían algo de menciña para curar dun xeito altruísta algunhas enfermidades.

Este oficio so se daba nesta parroquia de Os Vilares, que era coñecida como a parroquia dos trapeiros. Estaba tan arraigado que había un, e ata tres trapeiros, en cada unha

das catrocentas casas con que contaba a parroquia. Sempre se me quedou gravada unha imaxe de cando eu era neno e pasaban os músicos da orquestra paratocar na misa maior, pola festa da Pascua, e un dos músicos, ao mirar para a fachada do campanario e ver nunha furna un San Miguel con unha balanza na man, díxolles aos outros compañeiros:

-.Manda Carallo! Aquí ata os Santos teñen romana!

Unhas veces utilizaban diñeiro para mercarlle os trapos aos paisanos, pero noutras ocasións trocábanllos por navallas, follas de afeitar, agullas, dedais, fíos, espellos pequenos para as mulleres e outros obxectos pequenos que non había daquela polas tendas das aldeas. Era unha forma de sacar uns cartiños que non se podían conseguir traballando no lugar. Maiormente escollían este oficio as mulleres e homes solteiros, pois os casados, normalmente, dedicábanse a traballar na casa e si saían algunha vez aos trapos era despois de sementar ou facer as colleitas. Nas súas saídas recorrían toda

a Terra Chá e chegaban á parte de Asturias, O Bierzo e as terras de Sanabria.

O mais famoso e o que mais recoñecementos literarios tivo (e incluso musicais), foi Pedro López Sánchez, coñecido polas terras do Incio, Caurel e Samos como Pedro Trapeiro. A poeta Marica Campo, lembra que cando ela era nena dábanlle pousada na súa casa e polas noites rezáballes o Rosario; despois, no ano 1976, escribiu o Romance de Pedro Trapeiro, que empeza así:

*Na historia que non se escribe
camiña Pedro Trapeiro
con un burro, un caixón
e un fardel de trapos vellos*

Ao Tío Pedro, tamén o gaiteiro Xosé Luís de Foxo compuxo a Muiñeira de Pedro Trapeiro na súa memoria.



Cesárea Cancelo Corral foi sempre trapeira, pois xa andaba desde nena con súa nai, María, nunha besta branca. Segundo Pastora Veres, ían por toda a Chaira, á Mariña e ata á Veiga do Eu, hoxe Vegadeu, e con cinco anos caeu no río Miño na Ponte Villar, entre Rábade e Cospeito. Salvárona uns pescadores porque a nena conseguiu agarrarse a unha pola de Salgueiro, mentres súa nai choraba desde a ponte. A noticia saíu na prensa e o avó e padriño, que estaba subscrito a un xornal, axiña soubo que na Ponte do Miño caera ao río a súa neta e que fora salvada por un valente pescador. Desde aquela quedoulle para sempre A trapeira da Besta Branca.

Outra trapeira moi famosa foi María Antonia Teijido Lagares, *María Antonia de Rato*. Era solteira e nas Nogais tiña a súa parada na casa de Valentín e de Balbina e era tal a confianza que tiña con eles e a solidariedade daquela familia que, ademais de darlle pousada gratis, deixaba alí o burro cando se ía uns quince ou vinte días para a súa casa dos Vilares e encargábanse da súa mantenta e dos seus cuidados coma si fora deles.



Cos cartos gañados nos trapos mercáronse vacas, cousas para a casa, vestíase á familia; os mozos da parroquia manexaban mais diñeiro e vestían mellor que os das parroquias do lado e incluso serviron para salvar vidas, como pasou na casa de Rato cando enfermara de tuberculoses un sobriño de María Antonia e o meu avó materno, que viñera daquela de Cuba, foi ver ao rapaz e coincidiu alí co practicante, don Xesús, ao que lle dixo que en Cuba tratábase con penicilina; contestoulle o practicante que xa o sabía, pero que custaba moitos cartos, ao que María Antonia, que oíra a conversación, díxolle ao practicante: *-.Ai, cómame o díaño! Por cartos que non sexa!*

O practicante tróuxolle a penicilina e, grazas ao diñeiro gañados cos trapos, o seu sobriño sandou e mais tarde emigrou a Sestao, onde finou no 2015 á idade de noventa anos.

Raul Rio Díaz

O DÍA DO ENTERRO

Estaba na parte máis alta e vin cómo chegaba a xente que facía corredor ó que chegaba dentro dunha caixa de castaño marelo, e que o poñían encima daquel burato.

Uns choraban e outros rezaban, outros poucos calados miraban. Con cordas a caixa baixaban. Un pouco de terra cada cal tiraba e, despois dun intre calados, coa cabeza baixa o despedían e pouco a pouco marchaban.

Como se de garda lle tocara, acababa de darse conta que a quen acababan de meter naquela tumba era o seu corpo, sen ánima e sen vida.



Manuel Fernández Abel

SE OS NOSOS AVÓS NOS ESTIVERAN VENDENDO...

Na nosa terra, nas zonas rurais derradeiras coas cidades en moitos anos, os nosos avós e pais pasaban moitas miserias para ter o máis necesario, co que poder malamente vivir eles e, ó mesmo tempo, criar os seus fillos.

Sendo un neno de cinco anos, lembro cómo aquela casa de pedra sen ventás e só con algún claraboia de cristal no lugar dunha que outra tella; deixaba pasar uns pequenos raios de luz só de día, xa que de noite a única luz que tiñan aquelas casas, era a do lume, que pouco deixaba ver.

Arredor daquel lar, sentabámonos toda a familia, onde a calor que facía por diante, era de frío polo lombo. Así que, de cando en vez, dabámonola volta para quentar tamén os traseiros.

Só as aboas e as nais facían labores nestas noites de inverno, pois no verán nin sequera lume se facía. Lembro a avoa coa súa roca e o seo fuso, facendo fío coa lan que sacara das ovellas e a miña nai remendando na roupa, con remendos doutras pezas que xa non servían. Tamén calcetando chaquetas e xerseis, cos que se tornaba o frío dos invernos.

Ó mesmo tempo os fillos máis vellos ensinaban o silabario ós mais pequenos. E todo isto, despois de cear unha cunca de caldo con pan, que de cando en vez, tampouco se tiña. Así unha noite e outra ata que nos metíamos na cama, cantos máis mellor, para aproveitar o calor, que era a única opción que había naqueles leitos de folla de millo ou de palla de avea, con sabas de liño gordo e mantas de trapo feitas por elas.

Tamén nos daban calor os animais, pois as camas estaban enriba das cortes, onde durmían as vacas. Ás mañás erguíámonos coa luz do candil, saíamos lavar as lagañas dos ollos á horta pola que pasaba un pequeno rego, ó tempo que nos metíamos entres as coles, onde facíamos as primeiras necesidades. Xa estaba o pote ó lume e comíamos unha cunca de caldo e cada cal ó labor que lle tocaba.

Aquelas avoas e nais, todo o facían con agarimo e entrega total. Só cos medios que a natureza lles daba, aproveitaban ata o máis pequeno dos trapos. As cuncas onde se comía duraban xeracións ata que rompían desgastadas. Os potes de ferro e as cazolas chegaban a ter mais remendos que zonas sas.

Os coitelos, culleres e garfos non se tiraban ata que non se podía comer con eles. Os zocos de bidueiro non se cambiaban ata que a auga entraba por debaixo, e cando chovía, só había un paraugas na casa, para os días especiais. Colocábamnos os sacos de mineral baleiros na cabeza e así ata que se poñían pingando.

Todo isto pasaba nas zonas rurais onde un foi neno, xa terminada a Guerra Civil do trinta e seis; na compañía de meus avós, meus pais e meus primeiros irmáns, dos que eu era o maior. Dende entón en tan pequeno intre, a nosa vida tornou a tanta velocidade que os netos e bisnetos daqueles avós, non teñen a máis remota idea do que fai tan pouco tempo pasou.

Manuel Fernández Abel

EXCURSIÓN A ZUGARRAMURDI / ELIZONDO

O pasado día 1 de Xulio trasladámonos de excursión a comarca do Baztan. Primeiramente fomos ata Zugarramurdi co fin de visitar o museo das meigas.

Gran parte dos visitantes chegan a Zugarramurdi atraídos po las historias e lendas que foron xurdindo en torno ao proceso inquisitorial de 1610. A orixe deste dantesco episodio da historia de Zugarramurdi hai que situalo no relato duna xoven da localidade acerca de seus sonos, nos que aseguraba haber voado e haber visto a varias persoas do pobo participando en Akelarres. Inicialmente o episodio haberíase resolto coa intervención do párroco, quen habería requirido aos culpables que descargasen súas consciencias, pero posteriormente interviño a Santa Inquisición, seguramente avisada polo abade do Mosteiro de Urdax.

Como resultado da intervención dos inquisidores foron encausadas 53 persoas da comarca, que foron levadas a Logroño. A maioría delas morreron nas cárceres o no camiño. O 7 de novembro de 1610 celebrouse o Auto de fe e, como resultado do mesmo, 21 arrestados foron acusados de delitos menores, 21 foron perdoados e 11 condenados a fogueira (6 en persoa e 5 en efixie, xunto con seus restos mortais), habendo sido queimados o domingo 8 de novembro de 1610.



Zugarramurdi no e o único pobo de Navarra ao que afectou esta febre bruxaría. Existen documentos que proban as vivenzas de episodios similares en alo menos 64 localidades mais. Pero Zugarramurdi, pola dimensión social que tivo a nivel Europeo aquel Auto de Fe de 1610, ganouse o popular sobrenome de "Pobo das Bruxas".

Coa intención de dar a coñecer o que sucedeu en Zugarramurdi e seu entorno a principios do XVII, esta localidade navarra ha rehabilitado seu vello hospital, situado no mesmo pobo na saída hacia as coevas, para instalar nel o **Museo das Bruxas de Zugarramurdi**.

Este espazo museístico inaugurado en xulio 2007 quere ser un lugar onde perpetuar a memoria histórica e mostrar ao visitante coma era a vida cotidiá de aquelas xentes.



Un homenaxe as persoas, homes e mulleres, que foron vítimas duna situación social trasnoitada, duna ola de pánico bruxeril, e duna Inquisición que necesitaba impoñer a súa autoridade. Un espazo de duelo e recordo, un lugar onde contar interesantes historias no seu contexto, con seus matices de luz e escurantismo, de forma rigorosa pero tamén amena e apaixonante. Rompendo con a imaxe folclórica das bruxas, quere dar paso a esa outra realidade dunas mulleres e uns homes acusados de cousas inverosímiles, envoltos en relatos fantasiosos, e finalmente queimados nunha fogueira.

Detrás de todo isto, existe tamén todo un mundo de lenda e de mitoloxía, con Mari e Aker como protagonistas; nun contexto de festas e de ritos paganos que falanos de una práctica arraigada na medicina popular.

Traballos de investigación como os de Florencio Idoate, o aita Barandiarán, Julio Caro Baroja, Gustav Heninngsen, José Dueso, J. Paul Arzac y Koro Irazoki, entre outros, serviron de base a este proxecto, que aúna a necesidade de protexer seu patrimonio e a explotación dun atractivo recurso turístico.





ILUMINACIÓN - ELECTRICIDAD SANTURTZI



COMERCIO PUNTO VERDE

INSTALACIÓN Y CONSERVACIÓN
DE PORTEROS AUTOMÁTICOS

INSTALACIONES ELÉCTRICAS -
BAJO CONSUMO

REFORMAS - LOCALES
COMERCIALES - COMUNIDADES


ILUMINACIÓN Y REGALOS

PAGAZAURTUNDUA, 2
TELF: 94 461 85 54
FAX: 94 401 52 07

VAPOR HABANA, 11
TEL: 94 493 50 18
48920 - SANTURTZI
isanturce@gmail.com



Cafetería- Pastelería ESTILO



Rúa Progreso, N.º 6 | Melide-A Coruña
Tlf. 981 50 51 53
www.pasteleriaestilo.com

Mikel Opariak

UN MUNDO DE REGALO



REGALOS DE EMPRESA . ARTICULOS PUBLICITARIOS

TAMPOGRAFIA,
SERIGRAFIA,
BORDADO,
TERMOGRABADO,
TRANSFER,
SUBLIMACION, LASER,
GOTA DE RESINA,
VITRIFICADO CON
CALCA.



BOLIGRAFOS,
ENCENDEDORES,
LLAVEROS, PINS,
CAMISETAS, POLOS,
GORRAS ROPA
LABORAL, AGENDAS,
RELOJES, ASEO
PERSONAL, TROFEOS
DEPORTIVOS..

Tfno.: 944 839 448 FAX. Móvil: 609 478 712
mikelopariak@euskalnet.net . www.mikelopariak.com

CURROS ENRÍQUEZ É DOS ILUSTRES GALEGOS



Amigo Manuel Curros Enriquez, no rexurdimento da literatura galega, fuches un dos autores máis preferidos, e cando se quere ver alborear a liberdade de mozo sen selo. acórdome cando souben que ti os quince anos te foras da túa casa sen saber a onde.

A min dábame medo pensalo, pero co feito de ser o líder espiritual cara a liberdade, que na miña nenez era moi cativa e case que me quería semellar a ti; aínda que agora entendo que non debía de facelo da mesma maneira.

Cando meus pais secaban o millo no forno despois de sacar o pan, e inda estaba morno, máis dunha vez pensei de durmir nese forno como ti fixeras cando te fuches da túa casa. Medraba en min o intres cando sabía dos teus triunfos dende que te fuches, que sendo moi rapaz e vivindo con Alonso Salgado en Madrid, escribindo "cantigas" con esa lingua da túa terra, que sen que ti o souberas, medraba o teu lado unha especial estima.

Entendo a túa sorpresa cando escoitaches dende o balcón da túa casa cantar dende lonxe, coa letra un pouco cambiada as estrofas que ti escribiras: "no xardín unha noite sentada ..." con todo o teu anoxo porque cambiaran dicindo: "unha noite na eira do trigo...", pero non importa, non tiñas porque anoxarte, eran túas as cantigas e a xente lle gustaban, por iso as cantaban e para iso as fixeras.

Aínda que te inspirabas na concepción romántica e literaria, a túa ideoloxía progresista e democrática que fixeches sentir en cada cidadán galego enfocando os problemas sociais e políticos que pasaban naquela época.

Querido Curros, Eu non sei escribir o teu pasado. Quero escribir a miña admiración que che teño, e tomo o valor para facelo, mesturándome nas túas cousas, moi difícil de definir o teu talento, porque eu sempre dixen que o home adulto, ten dentro del a tres persoas distintas. ¿Como pode ser iso...?

A metade de cada un de nós, é un home común calquera, ese home que el quere ser. Na outra metade hai outros dous homes, un é o home que os outros pensan del que é, que moitas veces non coincide co que el quere ser. E no terceiro está a persoa que verdadeiramente é, que pode que non coincida nin co que el quere ser, nin co que os outros pensan que é. A túa actividade era complexa, para analizar esas tres persoas de cada home, sendo funcionario, político, periodista, e poeta.

O político marca o sendeiro a seguir, e son outros os que lle dan o poder de concretar os seus proxectos. O periodista escribe o que ve e o que sabe, como para darlle información a quen lle interese. O poeta escribe o que sinte e o que se imaxina. Por iso querido amigo a túa situación é moi conflictiva.

Gustoume cando coa túa pluma de corvo litigaches ó infante Don Enrique, irmán da reina Isabel II, cando escribiches chamándolle "inchado pasteiro francés" para que non fora rei de España, mentres os españois tiveran un pouco de dignidade. Esas foron as túas palabras, non son miñas.

Amigo Manuel Curros Enríquez. ¿Por iso sería polo que te fuches para Londres caladiño?, ou non, Nunca o puiden saber moi ben, nin o teu amigo Murguía soubo contalo moi ben tampouco; como o tempo todo borra, volviches a Celanova, terra da túa nenez e formaches alí o teu credo político.

Refléxase o teu ánimo, na tribuna pública, que foi no congreso á proclamación da Primeira República, que tomando as túas palabras; estabas ledo das túas bágoas que coa alegría saíron dos teus ollos, polo porvir que aínda non chegara, pero sen dúbida a túa profesión de fe política quedaba marcada para sempre.

Non queda dúbida que os teus principios, sempre están por riba dos sentimentos. Non tiveches desvantaxe en facerlle carantoñas a túa muller cando estaba embarazada do segundo fillo; nin o teu fillo primoxénito, na realidade de cada día, cando a desgusto saíches para participar no certame literario convocado polo teu amigo de sempre. Modesto Fernández onde pola túa capacidade despois fuches premiado, que che fixo ganar estima da burguesía estudosa da cidade.

Outra das túas alegrías, amigo Curros, cando publicaches o libro "Aires da Miña Terra ", que tiña dentro o triunfo do teu talento de poeta, e outro triunfo político conseguido polo deputado Otero quen despois foi pai do noso querido escritor "Otero Pedrayo" que xa alborexaba o renacemento galego que moitos non entendían, ou non querían entender, cando prohibiron por xustiza a circulación deste libro por un entendemento cativo que despois a mesma xustiza reparou.

Foi tamén na Habana onde pasaches un longo tempo, e cando a illa estaba en crise política, ti mesmo dicías das rivalidades que entre as sociedades teñen mistándose entre galegos, moitas veces mediaban asuntos políticos e que ti xulgabas o prexuízo que era para a nosa terra.

A sociedade de Beneficencia que ti eras socio, por ese artigo que escribiches dicíndolle: xunta de raba danes e tamén dándote de baixa como socio.

Non sei todo canto pasou co Centro Galego da Habana, pode ser que estaría mesturada un pouco de vaidade, cando te fuches despois da elección como presidente da sociedade ,a Don López Pérez e rompiches por esta razón co centro.

Amigo Curros. ¿ En cal dos homes da túa persoa estabas nese momento?.

Sabido é, que como todo emigrante, dende que chegaches a Cuba que aínda eran terras de España, e despois de esos dez longos anos, suspirabas por volver a Galicia, onde longamente foras acariñado por moitos dos teus paisanos, e o día 13 de marzo de 1904 no transatlántico Alfonso XII comeza o teu regreso a Coruña que cando chegaches fuches a Madrid, e homenaxeado polo Centro Galego que despois volviches a Galicia, cando pola túa saúde estiveches nas augas de Mondariz onde escribiches o teu poema "Xuramento" Os teus amigos que non te deixaban de aloumiñar demostrándoches o seu cariño, facéndoche unha velada de despedida na Coruña cando volviches para Cuba, que máis ca unha despedida era un adeus. Puxéronche unha coroa de ouro e prata que parecías un rei. Verdadeiramente eras un rei, penso que non houbo poeta galego, tan combatido nin tan acariñado.

As túas derradeiras decisións como lle escribías na última carta que recibiu túa irmá, avisándolle que volvías para o mes de abril, data a que non chegou a túa vida, pero o teu corpo chegou e trouxérono os que combatías. O presidente do Centro Galego de Cuba, por quen te retiraras cando foi elixido, e algún outro amigo teu de sempre. E case un século despois, e índa tes outros amigos que non te coñeceron en vida, pero coñecemos o teu talento seguímoste acariñando e mirando para ese oco que ti deixaches na literatura galega que outros non puideron ocupar. Viñeron moitos que foron grandes ilustres, pero ninguén que fora igual a ti.

Xosé M. Manteiga.

Felicitacións para os amigos da Casa Galicia Santurtzi polo seu traballo cultural inigualable do que publican da cultura de Galicia dende o País Vasco.

Unha aperta de amigo:

Xosé María Manteiga.



Lar asesores

- ASESORÍA FISCAL
- CONTABLE
- LABORAL SOCIEDADES
- AUTONOMOS
- SEGUROS EN GENERAL

José M^º de Barandiarán, 7
Pral. Dpto. 1-2-3
48980 SANTURTZI
Tel. **944 610 088**
Fax: **944 833 786**
j.rekejo@larasesores.com
a.rekejo@larasesores.com

La Bodega

*Menú del día y
Fin de Semana*



Plaza Juan José Mendizabal, 9
48980 SANTURTZI (Bizkaia)

Tel. 94 483 33 65

Bar - Restaurante

CASA GALICIA

- BANQUETES
- CENAS
- DESPEDIDAS
- ESPECIALIDAD EN COCINA TRADICIONAL

Gabriel Aresti, 6-8 • 48980 SANTURTZI
Tel. 94 405 92 63



Corxa Airiños Galegos DOCE ALBOR da Casa de Galicia en Santurtzi

Contrate os nosos servizos, para Festas, Vodas e todo tipo de celebracións.
Goce da música galega na súa esenza.

Teléfonos de contratación: 688 815 088 • 688 682 301

